



NOTAS SOBRE O BORRADOR DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI DE MELLORA DA ESTRUCTURA TERRITORIAL AGRARIA DE GALICIA.

O artigo 30º.1, números 3 e 4, da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases e coa ordenación da actuación económica xeral e política monetaria, en materia de agricultura.

O artigo 27.5 do Estatuto de Autonomía de Galicia prevé que, no seu marco, corresponde á Comunidade Autónoma galega e competencia exclusiva nas normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos.

Ademais, dentro das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio, o decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio en Galicia, establece no seu artigo 3.3., que a Xunta de Galicia no marco das súas competencias desenvolverán as accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, reducir e reverter o abandono de terras, o desenvolvemento sustentable das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, así como a integración e coordinación territorial destas actuacións, na identificación e actividade sobre as zonas de actividade agraria preferente e nas actuacións en materia de xestión de terras.

Nese marco xurde, e como medio de dar cumprimento ás anteditas accións, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que establece no seu artigo 3 os procesos para acadar antedita mellora, a través da reestruturación parcelaria de carácter público, a reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria por persoas particulares, a reestruturación da propiedade mediante permutas- con ou sen modificación xeométrica, os procesos inherentes a grandes obras públicas lineais e coutos mineiros, e as actuacións intensivas en zonas rurais.

O borrador de decreto polo que se aproba o regulamento da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, xurde por un lado do mandato directo da Lei, en todos aqueles puntos que dispón o seu desenvolvemento regulamentario, como pode ser no caso do procedemento de Avaliación ou no desenvolvemento máis polo miúdo das distintas fases dos procesos de reestruturación parcelaria, así como dos outros procesos de mellora da estrutura territorial agraria, recollidos no precitado artigo 3.

Por outra parte, o texto recolle o desenvolvemento de diversos aspectos, que aínda que a Lei non o esixe, deben ser, nuns casos clarificados, e noutros complementados, respecto do recollido na propia Lei, para facer aplicable na práctica o disposto no propio texto legal, e que no caso dos Comités técnico asesores xa veñen recollidos no decreto 19/2017, do 16 de febreiro, polo que se regula a forma de designación e o réxime xurídico dos mesmos, así como o borrador de decreto polo que se establecen os procedementos de xestión do procedemento de reestruturación parcelaria que a día de hoxe está nos seus primeiros pasos de tramitación.